

## **GREGO II**

### **OPCIÓN A: XENOFONTE**

#### **I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)**

OS GREGOS ORGANIZAN UNHA COMPETICIÓN DE XIMNASIA

Ἐποίησαν δὲ καὶ ἀγῶνα γυμνικὸν ἐν τῷ ὄρει ἔνθαπερ ἐσκήνουν. εἶλοντο δὲ Δρακόντιον Σπαρτιάτην, ὃς ἔφυγε παῖς ὢν οἴκοθεν, δρόμου τ' ἐπιμεληθῆναι καὶ τοῦ ἀγῶνος προστατῆσαι.

NOTAS. 1. Δρακόντιος, -ου, Draconcio; Σπαρτιάτης, -ου, espartano. 2. εἶλοντο, aoristo de αἰρέω, 'elixir, escoller'. 3. οἴκοθεν, 'da patria'. 4. ἐπιμεληθῆναι, προστατῆσαι, infinitivos finais con εἶλοντο.

#### **II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)**

##### **a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de Ἐποίησαν δὲ καὶ ἀγῶνα γυμνικὸν ἐν τῷ ὄρει ἔνθαπερ ἐσκήνουν.
2. Análise morfolóxica de ἐποίησαν.
3. De que feito histórico fala a *Anábase*?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con δρόμος, 'carreira' e con παῖς, παιδός, 'neno'.

##### **b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:**

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. O mito de Edipo.

### **OPCIÓN B: PLATÓN**

#### **I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)**

CRITÓN VISITA A SÓCRATES NO CÁRCERE.

SÓCRATES: Θαυμάζω ὅπως ἠθέλησέ σοι ὁ τοῦ δεσμωτηρίου φύλαξ ὑπακοῦσαι.

CRITÓN: Συνήθης ἤδη μοί ἐστιν, ὦ Σώκρατες, διὰ τὸ πολλάκις δεῦρο φοιτᾶν, καί τι καὶ εὐεργέτηται ὑπ' ἐμοῦ.

NOTAS: 1. φοιτᾶν, infinitivo substantivado por διὰ τὸ. 2. εὐεργέτηται, pretérito perfecto, voz medio-pasiva, de εὐεργετέω.

#### **II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)**

##### **a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS**

1. Análise morfolóxica de ἠθέλησε.
2. Análise sintáctica de τί εὐεργέτηται ὑπ' ἐμοῦ.
3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἀκοῦσαι, 'oír, escoitar'.

##### **b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:**

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. O mito de Edipo.

**GREGO II****OPCIÓN 1: XENOFONTE****I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)**

NA REXIÓN HAI ANIMAIS DE TODO TIPO

Ἐν τούτῳ δὲ τῷ τόπῳ δένδρον δ' οὐδὲν ἐνήην, θηρία δὲ παντοῖα, πλεῖστοι ὄνοι ἄγριοι, πολλαὶ δὲ στρουθοὶ αἱ μεγάλαι· ἐνήσαν δὲ καὶ ὠτίδες καὶ δορκάδες· ταῦτα δὲ τὰ θηρία οἱ ἱππεῖς ἐνίστε ἐδίωκον.

NOTAS. 1. ἐνήην, ἐνήσαν, verbo ἐνειμι.

**II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)****a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS:**

1. Análise morfolóxica de παντοῖα e de ἐδίωκον.
2. Análise sintáctica de ταῦτα δὲ τὰ θηρία οἱ ἱππεῖς ἐνίστε ἐδίωκον.
3. Obras de Xenofonte.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con τόπος, 'lugar, rexión, país' e con δένδρον, 'árbore'.

**b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:**

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. O mito de Edipo.

**OPCIÓN 2: PLATÓN****I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)**

MITO DE PROMETEO E EPIMETEO. CREACIÓN DAS ESPECIES MORTAIS.

Ἦν γὰρ ποτε χρόνος ὅτε θεοὶ μὲν ἦσαν, θνητὰ δὲ γένη οὐκ ἦν. ἐπειδὴ δὲ καὶ τούτοις χρόνος ἦλθεν εἰμαρμένος γενέσεως, τυποῦσιν αὐτὰ θεοὶ γῆς ἔνδον ἐκ γῆς καὶ πυρὸς μείζαντες.

NOTAS. 1. γένη, de γένος, -ους. 2. εἰμαρμένος, participio de μείρομαι. 3. μείζαντες, participio de μίγνυμι.

**II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)****a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de ἐπειδὴ δὲ καὶ τούτοις χρόνος ἦλθεν εἰμαρμένος γενέσεως.
2. Análise morfolóxica de γένη e de ἦλθεν.
3. Ideoloxía política de Platón.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con θεός, 'deus' e con χρόνος, 'tempo'.

**b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:**

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. O mito de Edipo.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución e de coñecemento práctico da lingua grega considérase básico e non substituíble por ningún outro labor de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) coma na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- coma o xeito en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.